


PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL EN OFICIOS ARTESÁNS [2026]

Axudas para garantir a continuidade dos oficios artesanais en Galicia e mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas desempregadas nestes oficios, a través da formalización de contratos de formación para a obtención da práctica profesional.

 Prazo aberto das 9:00 h do **16/06/2026** ata as 20:00 h do **30/09/2026**

Orzamento
1.000.000 €



Persoas empregadoras e empresas beneficiarias

- » **Obradoiros artesanais inscritos** no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, **calquera que sexa a forma xurídica** que adopten, incluídas as persoas autónomas, as comunidades de bens e sociedades civís.




Gastos subvencionables

Máximo
3
contratos

Contratacións por conta allea de persoas mediante a subscrición de **contratos para a obtención da práctica profesional** en oficios artesanais, e que:

- » Teñan unha **duración mínima de 12 meses** e sexan a **xornada completa**.
- » Sexan **novas contratacións** ou **contratacións** realizadas desde o **16 de outubro de 2025** e ata o **30 de outubro de 2026**.
- » As **novas contratacións** realizaranse **nun mes** a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da concesión, e en todo caso **antes do 30 de outubro de 2026**.

 Os obradoiros artesanais beneficiarios que non levan a cabo, como mínimo, un 50 % das contratacións que lle fosen concedidas, serán excluídos da vindeira convocatoria.

PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL EN OFICIOS ARTESÁNS [2026]



Contía do incentivo por persoa contratada

Contía máxima

Incentivo á contratación para as persoas
contratadas nos grupos de cotización 1 e 2

16.625 €

Incentivo á contratación para as persoas
contratadas nos grupos de cotización 3 a 7

13.300 €

Incentivo á contratación para as persoas
contratadas nos grupos de cotización 8 a 11

9.975 €

- » A contía da axuda toma como referencia os **custos de contratación totais**, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, e **aboaase nun pagamento único** logo de presentada a documentación xustificativa.
- » O salario das persoas mozas contratadas será o que corresponda **legal ou convencionalmente** e será **acorde coa súa categoría profesional e titulación** requirida para o posto incentivado.



Persoas beneficiarias finais

- » Persoas que, **no momento da contratación**, cumbran os seguintes **requisitos**:

- Ter feitos **os 16 anos** no momento da contratación.
- Estar **desempregadas (desocupadas o día inmediatamente anterior á data de inicio do contrato) e inscritas*** como **demandantes** no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento da contratación.

* Excepto nos casos previstos no artigo 4.1a) do Real decreto lei 1/2023.

- O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberá ser adecuado ao **nivel de estudos** e permitir a obtención da **práctica profesional axeitada ao nivel de estudos** ou de formación cursados.
- Estar en posesión dun **título universitario, de grao medio ou superior, ou equivalente**.
- Celebrar o contrato **nos 3 anos seguintes** á terminación dos estudos ou **5 anos** para persoas con discapacidade.
- **Non ter experiencia** ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por **máis de 3 meses**, sen computar os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención do título.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Exclusiones

- As relacións laborais de **carácter especial** e contratacións de persoas traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de **posta á disposición**.
- Contratos realizados co **cónxuxe**, os **ascendentes**, os **descendentes** e demais **parentes**, por consanguinidade ou afinidade, **ata o segundo grao** inclusive.
- Contratos realizados con persoas traballadoras **que finalicen unha relación laboral de carácter indefinido** na empresa solicitante ou noutra empresa do mesmo grupo, nun prazo de **4 meses previos**.



Máis información

 012